



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/44	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	25 de setembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 19:01 ata as 19:55 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:		



Concello de Cangas

«Resolución da Alcaldía (ausentouse do municipio)»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 18 de setembro de 2017

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 18 de setembro de 2017.

### Expediente 5925/2017. Solicitude pasaxe permanente

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por C. M. B., con domicilio na rúa As Barreiras, nº 2, na que demanda sinalización de pasaxe permanente con balizas, a Xunta de Goberno Local acorda acceder a concesión de sinal de pasaxe permanente e ao pintado de liña amarela enfronte para impedir o estacionamento de vehículos na zona de maniobra. Non se autoriza a instalación de balizas.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

### Expediente 5953/2017. Revisión concesión pasaxe permanente

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Que con relación a pasaxe permanente con licenza nº 1029, sito na Avda. de Ourense, nº 94-interior-Coiro, en informe da Policía Local emitido o día 18.09.2017, constátase que non existe rebaixe na beirarrúa que posibilite a entrada no portalón do garaxe existente, polo que a Xunta de Goberno Local acorda que, por parte dos propietarios da referida licenza de sinal, se proceda a rebaixar a beirarrúa, previa presentación da documentación correspondente no departamento de Urbanismo.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



<b>Solicitud de instalación de espello</b>	
<b>Non hai acordo</b>	<b>Motivo:</b> Ampliar documentación
Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de informe correspondente da Policía Local.	

<b>Expediente 5372/2017. Licenza urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5372/2017.- Conceder licenza de obras a "R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA", con domicilio a efectos de notificacións en rúa Real, nº 85-15003- A Coruña, para no lugar de rúa Sol, nº 19-Cangas, executar 1,80 metros de enganche-acometida na liña xeral existente para dar servizo de fibra óptica á vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:</p> <p>As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.</p> <p>Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.</p> <p>* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.</p> <p>Unha vez rematadas as obras deberán deixar a rúa nas mesmas condicións ás existentes, substituíndo, no caso das pavimentacións en pedra, filas completas de pedras de iguais características que as existentes.</p> <p>* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.</p> <p>Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.</p> <p>Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:</p> <p>*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.</p> <p>*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.</p> <p>Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia, aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.</p>	



**Expediente 5968/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº (5.968/2017).- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204-PB, para no lugar da rúa Redondela, nº 8-Cangas, executar unha R.B.T.S., para canalización de 3,00 metros liñais e unha arqueta, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 5855/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.855/17.- Outorgar a R. C. M., con enderezo na Avda. Concepción Arenal, nº 22-2ºB-Moaña, para no lugar de Rodeira, en solo de núcleo rural, regulado polas ordenanzas 11 e 12 (SNUN-SNUA), licenza de obras para a construción dunha piscina de 52,50 m<sup>2</sup>., muro de cerramento de 148,85 m<sup>2</sup>., e acondicionamento de parcela de 524,00 m<sup>2</sup>., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico José Ponce Yañez, o presuposto de execución material ascende a catorce mil catrocentos sete euros con sesenta e oito céntimos (14.407,68 €).



Concello de Cangas

Formalizárase perante o Catastro inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

**Expediente 3224/2017. Licenza urbanística**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de ampliación de documentación.

**Expediente 455/2017. Licenza urbanística (Expte. nº 25.682)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta da xefa do Departamento de Urbanismo de data 24.08.2017 que literalmente di:

*“EXPEDIENTE 455/2017*

*PRIMEIRO.- A "PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL", con enderezo a efectos de notificacións en Balea nº 65-San Vicente-O Grove, conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo urbano consolidado, regulado pola ordenanza 5, construír un edificio na parcela sita en Rúa David Cal, nº 18-Vilariño, de conformdiade co proxecto básico elaborado polo arquitecto Jesus Aser Fole de Navia Osorio, de data marzo de 2015 e planos modificados aportados o 02.10.2015, de acordo coa autorizacion do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra do 03.12.2015, coa autorización de Aguas de Galicia de data 03.06.2016, informe da UTE Gestión-Cangas de data 31.03.2016 e o informe da Consellería de Cultura de 10.07.2017. O presuposto de execución material ascende a trescentos oitenta e nove mil seiscentos trinta e nove euros con sesenta e catro céntimos (389.639,64 €).*

*A licenza outorgase condicionada a que deberá presentar, antes do inicio das obras, proxecto de execución visado, oficio co nomeamento do director de obra e de execución desta, escritura de agrupación do predio, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e contar cas autorizacións sectoriais preceptivas en vigor.*

*SEGUNDO.- Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de data 10.02.2016 por unha superficie de 8,49 m2., e o aval depositado para responder das obras de urbanización que ascende a mil setecentos noventa e un euros con vinte e dous céntimos (1791,22 €), depositado o 21.06.2016.*

*TERCEIRO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.*

Dase así mesmo conta do escrito que presentan os membros presentes do grupo ASPUN, que literalmente di:

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*“ASUNTO: EXPEDIENTE 455/2017: Licenza urbanística de obras maiores (EXPEDIENTE Nº 25.682)*

*O GRUPO MUNICIPAL ASEMBLEA POLA UNIDADE (ASpUN), EXPÓN:*

*Visto na Xunta de Goberno Local a realizar o luns 25/09/2017, no punto 9 da orde do día proponse resolver favorablemente o expediente nº 455/17–Licenza urbanística de obras maiores nº 25.682 a nome de 'PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL', para a construción dun edificio de vivendas sito en rúa David Cal, nº 18-Vilariño–O Hío.*

*Visto que a proposta (texto dispositivo) conta cos informes favorables pertinentes dos técnicos municipais e demais administracións implicadas.*

*1. - ASEMBLEA POLA UNIDADE REITERA O EXPOSTO POR ESTE GRUPO MUNICIPAL no escrito presentado con rexistro de entrada nº 10257 de data 04.09.2017, onde indicabamos:*

*Visto os datos e a documentación do expediente nº 455/17–25.682 a nome de 'PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL', podemos dicir que:*

- O informe de antigüidade do hórreo foi elaborado polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas que actúa en nome da propia empresa solicitante da licenza 'PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL'.*
- A Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) pon de manifesto que non é o técnico municipal quen elabora dito informe e devolve o expediente para que sexa este quen indique se o hórreo esta afectado por art. 92 de la LPC.*
- Segundo a xefa de Urbanismo o arquitecto municipal indica que a non afectación do hórreo por art. 92 de la LPC, con base no informe do arquitecto técnico Rafael Soliño Costas.*

*ENTENDEMOS QUE:*

- O informe que date a antigüidade do hórreo e o seu nivel de protección, ten que ser elaborado polo departamento urbanístico municipal, podendo basearse en informes ou estudos de terceiras persoas, que non estean vinculadas á empresa solicitante da licenza de obra.*

*VISTO ISTO SOLICITAMOS:*

- A paralización da tramitación da licenza de obra maior e do expediente nº 455/17–25.682 a nome de 'PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL', para a construción dun edificio de vivendas sito en rúa David Cal, nº 18-Vilariño–O Hío, mentres non se acredite a antigüidade do hórreo con base a un novo informe.*
- A anulación do informe do arquitecto municipal que acredita a antigüidade, xa que este está elaborado pola propia empresa, podendo existir a non imparcialidade.*
- A elaboración dun novo informe de antigüidade do hórreo, no que ademais se recolla o nivel de protección necesario. Este deberá basearse en información recabada polo arquitecto e/ou*



*por terceiros non vinculados a 'PROMOCIONES PLAYA DA LANZADA 2012 SL'.*

*2.- Vista a alegación presentada pola “Asociación de Veciños Pedra Amarrada de Vilariño”, con rexistro de entrada nº 9540 de data 19/07/2016, alegación veciñal que contén o propio expediente, onde se expón que “no referido á interpretación das Normas Subsidiarias de Planeamento do termo municipal de Cangas do ano 1994 (NNSS), o proxecto obxecto de análise carece de axuste á tipoloxía edificadora establecida no ordenamento urbanístico.*

*Neste sentido, basta visualizalo o plano número 3 de ordenación do núcleo de Aldán das vixentes NNSS, nel non se grafía nin se delimita a área en cuestión coa trama sinalizada para a Ordenanza de aplicación número 5 “URLI”, o que contradí á lectura que realiza o arquitecto municipal. Nese plano especificanse claramente todos os ámbitos de aplicación da Ordenanza URLI no núcleo de Aldán, pero non para o citado predio.”*

*3.- Sendo coñecedores das consecuencias que suporía a construción dun edificio nese entorno tan sensible, único espazo aberto que resta na Rúa David Cal; tratándose ademais dun espazo de gran importancia paisaxística e patrimonial (polo propio contorno en si moi próximo ao río, a un antigo hórreo e á fronte costeira de Vilariño –en proceso de valorización por parte desta administración-), e sendo hoxe en día lugar de encontro singular dos veciños e veciñas, lugar de celebración e de desfrute colectivo, solicitamos unha revisión do planeamento vixente nese ámbito.*

*Neste sentido, non cabe senón subliñar as obrigas da administración de velar pola maior calidade urbanística das intervencións que autoriza. Así, no caso concreto que nos ocupa, resulta evidente que non se dan as mínimas garantías documentais para a consideración do plano nº 3 “ORDENACIÓN NÚCLEO ALDÁN” das vixentes Normas Subsidiarias posto que:*

*-A escala de representación é insuficiente para a correcta ordenación dun espazo de singular importancia (planos a escala 1:2000 con escaso detalle).*

*-Concorrenza de inexactitudes, imprecisións e erros cartográficos de grande magnitude e non menores: non aparece grafiado un curso permanente de auga. Así, máis aló da liña da alegación presentada por asociación veciñal (entorno á ordenanza aplicable: URLI ou URNU) do que se trata é de cuestionar, cando menos ás aliñacións establecidas no correspondente plano de aliñacións e rasantes.*

*- A realidade das cousas actualmente é moi distinta á que no seu día se plasmou nas normas subsidiarias (ano 1994), imposibilitando polo tanto a aplicación da ordenación recollida no documento de ordenación, posto que o espazo que debera ocupar un vial de 12 metros (perpendicular á estrada provincial) está en realidade ocupado por un curso de auga.*

*Como se deixa entender no explicado anteriormente, os espazos colindantes ao solar no que se pretende outorgar a licenza de obras é dun alto valor patrimonial e etnográfico para todo Vilariño, polo que consideramos preciso realizar un estudo mais detido e minucioso dunha zona tan sensible como a que nos ocupa.*

*Finalmente, a modo de nota operativa, queremos facer notar que este Concello ten asinado un contrato coa empresa 'MONSA URBANISMO', para a redación do Plan xeral de ordenación municipal e entre as melloras propostas pola empresa figura: “a asistencia e asesoramento ao*



Concello de Cangas

*Concello en asuntos urbanísticos, como o outorgamento de licenzas que puideran verse afectadas polas determinacións do plan (...)” e 'MONSA URBANISMO': “se compromete a coordinar co Concello e con terceiros, a redación de tramitación do plan xeral, como a de outros plans ou programas que se realicen no mesmo período.”.*

*Por todo o anterior, PROPOÑEMOS:*

*- Aplicar os artigos 86 e 87 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no ámbito afectado, é dicir, acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas [...] co fin de estudar a súa revisión neste ámbito.*

*- Acordar o estudo, reformulación, revisión ou modificación do planeamento urbanístico na zona e redación dunha modificación puntual das normas subsidiarias para a zona en cuestión.”*

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Estudar as propostas recollidas no escrito presentado polo grupo municipal da ASPUN.
- 2.- Deixar o expediente sobre á mesa para os efectos de determinar a necesidade de que se incorpore ao mesmo informe do Servizo Provincial de Costas.

#### **Expediente 4904/2017. Licenza de segregación de predio**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

#### **Expediente 5832/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.832/17).- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. R. O., para apertura de porta de acceso a vivenda, no lugar de rúa Tobal, nº 39-B-San Roque-Darbo, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catrocentos vinte e cinco euros (425,00 €).

#### **Expediente 5852/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5852/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por G. C. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Inés Pérez de Ceta, nº 7-6ºF-Vigo, para acondicionamento de parcela e cambio de material de cubrición de edificación adxetiva sita en Insua, Arneles, nº 10-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

O presuposto de execución das obras ascende a sete mil oitocentos corenta e seis euros con trinta e nove céntimos (7.846,39 €).

**Expediente 5474/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5474/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por CAIXABANK, S.A. con enderezo a efectos de notificacións en rúa Industrial, nº 7-baixo-A Coruña, para reforma de local destinado a oficina bancaria sita na Avda. Montero Ríos, nº 21-Cangas, redactado polo arquitecto Jorge Roura Traseira, de xullo de 2017. O presuposto de execución material ascende a cento cincuenta mil seiscentos corenta e nove euros con setenta e tres céntimos (150.649,73 €).

**Expediente 2830/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.830/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por L. F. B., para a construción dun cerramento, no lugar da Madalena-Darbo, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil seiscentos once euros con trinta e nove céntimos (4.611,39 €).

**Expediente 5965/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.965/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. M. G., para a construción dun cerramento no lugar do Camiño do Outeiro, nº 9-Erbello-Aldán, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a cento setenta e sete euros con noventa e catro céntimos (177,94 €).

**Expediente 4922/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4922/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. I., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Buenos Aires, nº 8-Cangas, para reforma cuberta de vivenda sita en rúa Cega, nº 5-Cangas, redactado polos arquitectos Rafael Oliveira Souto e Juan A. Fernández Martínez, de xullo de 2017, por axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de planeamento do Municipio de Cangas e no PEPRI do casco antigo. Malia isto deberá cumprir co establecido nos artigos

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



38 e 47 do PEPRI. O presuposto de execución material ascende a seis mil cincocentos quince euros con sete céntimos (6.515,07 €).

**Expediente 5619/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.619/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. P. C., para a colocación dun sombrerete sobre a cheminea, no lugar de Liméns, nº 6-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a setenta e cinco euros (75,00 €).

**Expediente 5928/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.928/17.- Dase conta da comunicación previa presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ESPIRITU SANTO 43, para obras de reparación e conservación do edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil oitocentos trinta e dous euros con trinta céntimos (2.832,30 €).

**Expediente 5881/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5881/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVENIDA OURENSE 103, con enderezo a efectos de notificacións en Praza Eirado do Costal, nº 2-Oficina 4-Cangas, para limpeza, selado e impermeabilización de fachada de edificio de vivendas sito na Avda. de Ourense, 103-Cangas, de conformidade co proxecto redactado pola arquitecta, María Teresa Fernández Iglesias de setembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a dous mil seiscentos oito euros con noventa e sete céntimos (2.608,97 €).

**Expediente 5043/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5043/2017.- Dase conta da comunicación previa de inicio de actividade presentada por "INMOBILIARIA LARES CB", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Sol, nº 19, para no local sito en rúa Sol, nº 19-baixo, desenvolver a actividade de oficina inmobiliaria, vista a acta de inspección favorable emitida pola arquitecta municipal do PEPRI o



Concello de Cangas

19 de setembro de 2017.

**Expediente 4734/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4734/17.- Dase conta da comunicación previa de inicio de actividade presentada por O. M. M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Fomento, nº 5-1º-local 2, para academia de ensinanza no local sito en rúa Fomento, nº 5-1º-local 2-Cangas, vista a acta de inspección favorable emitida pola arquitecta municipal do PEPRI en data 19 de setembro de 2017.

**Expediente 4168/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4168/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. G. V., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 97-4ºC-Cangas, para cambio de titularidade do local sito en rúa Félix Soage, nº 7-Cangas, que ata agora rexentaba "Ecosaúde CB", para destinalo a zapatería.

**Expediente 4110/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4110/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. M. A., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Porta do Sol, nº 85-4ºD-Meira-Moaña, para cambio de titularidade de tenda de venda de material de oficina no local sito en rúa San José, nº 33-baixo, que ata agora rexentaba C. D. M.

**Expediente 658/2017. Infracción urbanística nº 10/2016 (JESSICA GONZÁLEZ AMOEDO)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 658/2017-10/2016

PROPOSTA SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 10/2016 – 658/2017

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro do 2016, resulta que:

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



PRIMEIRO.- Por parte de Y. G. A. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Cima de Vila-Darbo, obras sen licenza consistentes en realizar un aproveitamento baixo cuberta, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 18 de maio do 2016.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 19 de decembro do 2016, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, Y. G. A., con data 4 de abril do 2017 rexistro de entrada nº 3715, presenta escrito de alegacións solicitando un prazo de dous meses para legalizar as obras realizadas.

Visto o informe da inspección municipal de data 24 de agosto do 2017 no que manifesta que:

“Presentado no lugar comprobo que a ampliación de volume polo que se incoou o expediente de reposición da legalidade urbanística nº 658/2017 foi demolido, repoñendo a edificación ao seu estado anterior”, procede a redución da sanción imposta nun 90 por cento.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Y. G. A., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros. Indicar á interesada, que por ter legalizada a situación antes da resolución do presente expediente redúceselle a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no 88.7 da lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter sancionador, a proposta de resolución deberá ser notificada á interesada nos términos previsto no artigo seguinte.

O órgano instructor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que poideran constituír infracción.
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.
- c) Cando os feitos probados non constitúan, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Cando non exista ou non poida identificar á persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:



PRIMEIRO.- Imponer a Y. G. A., na súa calidade de promotora da infracción, dunha multa sancionadora de seiscientos euros (600,00 €), por ter cometido obras no lugar de Cima de Vila-Darbo, consistentes en realizar un aproveitamento baixo cuberta sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 18 de maio do 2016.

SEGUNDO.- Advertir á interesada que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reduciranse na súa contía nun 50 por cento se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, a infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

**Expediente 1131/2017. Infracción urbanística nº 30/2016 (CARLOS PAZÓ BARREIRO)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 1131/2017-30/2016

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*M.R. G., instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de 8 de marzo de 2017 en relación co expediente sancionador que se está tramitando neste Concello nº 30,2016 X 1131/2017 emite a seguintes proposta de resolución visto os seguintes:*

*ANTECEDENTES*

*PRIMEIRO.- Por parte de C. P. B. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Ourelo, nº 22-A Madalena-Darbo, obras sen licenza consistentes en realizar un terceiro andar sen recuado do lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 26 de xullo do 2016.*

*SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13 de marzo do 2017 dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*

*Con data 27 de xullo do 2017, C. P.B. presenta escrito solicitando un breve prazo para realizar a demolición ordenada.*

*Con data 8 de setembro do 2017 a inspección de obras informa que:*

*“Presentado no lugar comprobo que se demoleu a edificación baixo cuberta obxecto deste expediente de reposición da legalidade 1131/2017 e se está realizando unhas obras abeiradas pola comunicación previa nº 25648, para cambio de cuberta a nome de C. P. B., axustándose a esta”.*

*TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a*



seguinte:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*PRIMEIRO.-Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Ourelo, nº 22-A Madalena-Darbo, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de xullo do 2016.*

*SEGUNDO.- Que C. P.B., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros. Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente redúceselle a contía da sanción nun 90%.*

*CUARTO. - Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta antes da resolución do presente procedemento sancionador, aplicarase dunha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimiento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.*

*QUINTO.- Elevar, unha vez recibidas as alegacións, documentos e informacións ou transcorrido o prazo de audiencia, todo o expediente ao alcalde para a súa resolución.*

*Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante este órgano, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo desta provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito."*

**Expediente 1393/2017. Infracción urbanística nº 33/2016 (ANTONIO PIÑEIRO COYA)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 1393/2017-33/2016

Resultando que no lugar de Donón-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: ampliación e reforma da edificación existente.



Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados A. P. C., promotor.

Resultando que, con data 1 de setembro do 2017 o técnico municipal informa que:

"As obras descritas no informe de inspección foron legalizadas mediante o expediente nº 2897-2017, polo que se consideran legalizables por ser compatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamiento de Cangas, título V das Normas Urbanísticas II."

De conformidade coo establecido no art. 158.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, as obras obxecto do presente expediente están tipificadas como leves.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros., de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo. Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente sancionador por infracción urbanística a A. P. C., de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

**SEGUNDO.-** Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

**TERCEIRO.-** O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

**CUARTO.-** Indicar ao interesado o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador. Neste expediente as obras executadas foron legalizada.



QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente notificar a presente resolución ao interesado, indicándolle que disporá dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e informacións estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo ao interesado de que, en caso de que non efectúe alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

#### Expediente 5924/2017. Prestación do Servizo de Axuda a Domicilio

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a J. M. F., con expediente nº 36008/01/003322, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da venda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo: cento cincuenta e tres euros con sesenta céntimos (153,60 €); doce euros con oitenta céntimos (12,80€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: quince euros con trinta e seis céntimos (15,36 €/mes).

Número de horas: 12 horas.

Data de comezo do SAF: a partir do 2 de outubro de 2017.

#### Expediente 5903/2017. Solicitude do Servizo de Axuda a Domicilio

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e





**Concello de Cangas**

proxeito de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a C.F.L., co de expediente nº: 36008/02/000432-VI0000051749, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: cincocentos cincuenta e seis euros con oitenta e cinco céntimos (556,85 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) cento nove euros con dous céntimos (109,02 €).

Número de horas: 46 horas.

Data prevista de alta no SAF: setembro de 2017.

**Expediente 5152/2017. Solicitud do Servizo de Axuda a Domicilio**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, a Xunta de Goberno Local, adopta o seguinte acordo:

\* CONCEDERLLE a J.P.G., co expediente nº 36008/02/001400-PO57613, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo

Custo do servizo: oitocentos corenta e sete euros con trinta e nove céntimos (847,39 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: ) 0 euros/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de alta no SAF: setembro de 2017.

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

<b>Expediente 5774/2017. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:  <u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución da fianza a favor de J. B. D., por importe de mil setecentos trinta e cinco euros con dous céntimos (1.735,02 €), depositada no expediente nº 24.797, licenza de obras nº 23.716.  <u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.	

<b>Expediente 5854/2017. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:  <u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución do aval a favor de L. Y. R., por importe de oitocentos cincuenta e sete euros con corenta e tres céntimos (857,43 €), depositada no expediente nº 21.361, licenza de obras nº 20.745.  <u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.	

<b>Expediente 5923/2017. Recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:  <u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución da fianza depositada por "Nuevas Ventajas SL", por importe de setecentos doce euros con oitenta e un céntimos (712,81 €), no expediente de contratación C-17/02_55/2017 do "Servizo de elaboración da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Cangas", así como o pago realizado en concepto de anuncio de licitación por importe de cincuenta e dous euros con setenta céntimos (52,70 €).  <u>Segundo.-</u> Notificar este acordo á empresa interesada.	

<b>Expediente 5871/2017. Dación de conta de Dilixencia de Ordenación PO 124/2004</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda tomar coñecemento da dilixencia de ordenación nº 124/2004-PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN nº 124/2004, do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, cos seguintes datos:	

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

1.- PO 124/2004.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN.

- A persoa recorrente: R. M. R. P., COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TRAVESÍA LONGÁN.

- Contido: REQUIRIRASE PERSOALMENTE ao Sr. alcalde do Concello de Cangas do Morrazo para que, no prazo de UN MES, informe da situación na que se atopa o estado da execución, baixo apercibimento de que si así non o verifica e de conformidade co art. 112 da LJCA, se lle imporá unha multa coercitiva de trescentos euros (300,00 €) e se aúñ así segue sen verificar o requirimento, reiteraranse ditas multas ata a completa execución do fallo xudicial.

**Expediente 3329/2017. ACEPTACIÓN DE RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DE ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Publicada no Diario Oficial de Galicia número 171 de data do 8 de setembro de 2017 a Resolución de data do 28 de agosto de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, pola que se resolve a adxudicación en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2010 e acorda adxudicar ao Concello de Cangas unha embarcación neumática de salvamento e rescate.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aceptar a adxudicación da embarcación neumática de salvamento e rescate concedida mediante a Resolución de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza de data do 28.08.2017 e publicado no DOG de data do 08.09.2017, con destino a Protección Civil para misión de protección civil e emerxencias.

Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas para equipamentos de emerxencias non solicitou nin recibiu ningún outro tipo de axuda ou subvención.

Terceiro.- Dar traslado do acordo de aceptación á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.

**Expediente 535/2017.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN PARA AOPOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN SEMANA SANTA 2017 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Vista a subvención concedida ao Concello de Cangas ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, polo importe de tres mil euros (3.000,00 €) para apoio, promoción e difusión da Semana Santa 2017 (DOG N° 143, data 28.07.2017).

Vista a certificación do interventor municipal que fai constar que a conta xustificativa da subvención da Semana Santa 2017, ascende a un total de catro mil novecentos cinco euros con setenta e un céntimos (4.905,71 €).

Vista a memoria redactada pola técnica de turismo e a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa con cargo á subvención concedida, para apoio, promoción e difusión da Semana Santa 2017, polo importe total de catro mil novecentos cinco euros con setenta e un céntimos (4.905,71 €), de conformidade coa certificación do interventor e segundo o seguinte desglose:

- Factura A 134/17 de IRISAR, en concepto de carteis e dípticos de Semana Santa 2017, en galego e castelán, importe de mil setecentos cincuenta e cinco euros con setenta e un céntimos (1.755,71 €); factura aprobada por Resolución de Alcaldía de data do 25.05.2017 e pagada mediante transferencia bancaria o día 01.06.2017.

- Factura nº 1/2017 da Banda de Tambores e Cornetas de Cangas, en concepto de diferentes actuacións nas procesións do 09.04.2017, 12.04.2017, 13.04.2017, 14.04.2017 e 15.04.2017, polo importe de mil setecentos cincuenta euros (1.750,00 €); factura aprobada por Resolución de Alcaldía o día 23.08.2017 e pagada mediante transferencia bancaria o día 24.08.2017.

- Factura 01/2017 de data do 17.04.2017 da ACF Tromentelo, Banda de Gaitas Tromentelo, en concepto de actuación o venres santo e o domingo de resurrección, polo importe de mil catrocentos euros (1.400,00 €); factura aprobada por Resolución de Alcaldía de data do 25.05.2017 e pagada mediante transferencia bancaria o día 01.06.2017.

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se expresan anteriormente.

Terceiro.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade coa documentación que consta no expediente e a memoria redactada pola técnica en Turismo.

**Expediente 3913/2017. NOVA CAPA RODADURA ESTRADA DE VILANOVA-AGADER 2017 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Visto a resolución con rexistro de entrada do 25 de setembro de 2017 remitida polo Agader da Consellería do Medio Rural ao respecto da concesión de axuda: Plan de mellora de camiños municipais 2017/2018 para o proxecto: Capa de rodadura estrada Vilanova-O Hío, cun importe



Concello de Cangas

de cincuenta e dous mil vinte euros con cincuenta e sete céntimos (52.020,57 €).

Visto o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2017 que é o 16 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aceptación da subvención concedida polo Agader.

Segundo.- Aprobación do proxecto: Capa de rodadura estrada Vilanova-O Hío.

**Expediente 5935/2017. Convocatoria e probas de selección de persoal laboral (fixo/temporal) por concurso-oposición e constitución de bolsa de traballo**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL, D<sup>a</sup> ÁN XELA VIZOSO MARCOS, DE APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 20 PERSOAS TRABALLADORAS SEGUNDO A RESOLUCIÓN DE CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, EXPTE. Nº TR351F 2017/20-5

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en resolución de data 13 de setembro de 2017, aprobou subvención ao Concello de Cangas para a contratación de 20 persoas traballadoras en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga para a realización do “Servizo de Integración Concello de Cangas 2017”, segundo o establecido na Orde do 9 de maio de 2017 (DOG 22/05/2017).

Este servizo ten que iniciarse, segundo se dispón na resolución de concesión antes citada, antes do 12.10.2017, polo que propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases de selección para a contratación de 20 traballadores/traballadoras en situación ou risco de exclusión social perceptores de Risga, para a realización do “Servizo de Integración Concello de Cangas 2017”, bases que como anexo se achegan xunto coa presente proposta de acordo.

**SEGUNDO.-** Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.

**TERCEIRO.-** Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

ANEXO:

BASES PARA A SELECCIÓN DE VINTE PERSOAS TRABALLADORAS DO “SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2017” SEGUNDO A RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE DATA 13.09.2017, AO

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



ABEIRO DA ORDE DE 9 DE MAIO DE 2017 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2017.

#### PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 20 persoas traballadoras, para o “Servizo de Integración do Concello de Cangas 2017” distribuídos do xeito que a continuación se pormenorizan:

- 6 peóns de limpeza viaria
- 7 peóns forestais
- 2 peóns xardineiros
- 1 auxiliar administrativo
- 2 peóns de obras (albaneis)
- 2 peóns de limpeza de edificios

Respecto das retribucións, a contía do salario que percibirían os traballadores/traballadoras contratados/contratadas, por un periodo de 7 meses, a tempo parcial do 75% da xornada (28 horas semanais e sete minutos), ascendería ás seguintes cantidades:

POSTO DE TRABALLO	SALARIO BASE	P-P EXTRAS	BASE BRUTA
peón de limpeza viaria	902,37€	150,39€	1.052,76€
peón forestal	902,37€	150,39€	1.052,76€
peón xardineiro	902,37€	150,39€	1.052,76€
auxiliar administrativo	1.008,90€	168,15€	1.177,05€
peón de obras (albanel)	902,37€	150,39€	1.052,76€
peón de limpeza de edificios	902,37€	150,39€	1.052,76€

Efectuada a selección dos traballadores/traballadoras, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de traballo temporal, de interese social, a tempo parcial.

O sistema de selección será o de oposición.

#### SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/DAS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- Non se require titulación académica específica (DA 7ª EBEP), excepto no caso do auxiliar administrativo, que deberá contar como requisito mínimo con titulación nun



- ciclo medio da rama administrativa ou equivalente.
- Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego expedida polo INEM e ser remitido por este para participar neste proceso selectivo.
- Ser perceptor da Risga e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas (artigo 12 punto d, da Orde 09.05.2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarllos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

#### TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Cangas en cumprimento do disposto no artigo 12 da Orde 09.05.2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/candidatas remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo debendo presentarse para recibir información sobre o proceso selectivo, o vindeiro xoves 28 de setembro de 2017 ás 10 horas da mañá no Salón de Plenos do Concello de Cangas.

O feito de figurar incluído na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, dos cales poderá ser esixida xustificación documental en calquera momento anterior á formalización dos contratos. Igualmente en calquera momento anterior á realización do proceso de selección poderá excluírse a calquera aspirante da relación de admitidos de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria.

#### CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME

Os aspirantes, na reunión de acordo co establecido na base anterior, serán convocados para a recollida de bases da convocatoria e realización das diferentes probas en función dos postos para os que foron preseleccionados con indicación do día, hora e lugar na que deberán presentarse para a realización do chamamento e posterior realización dos exercicios da fase de oposición de cada categoría, de acordo cos criterios de distribución que estableza o tribunal.

#### QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR



O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal para os efectos da formulación de recusación é a seguinte:

**PRESIDENTE:** Fabián Fernández Gómez

**SECRETARIA:** Carmen Fandiño Docío

**Vocal 1º:** Carmen Gamarra Gamarra

**Vocal 2º:** Rosana Cordeiro Antepazo

**Vocal 3º:** Ana Isabel Rodríguez Otero

**Suplente indistinta :** Irma Carmen González Pereiro

**Suplente indistinta:** Emilia Lestón Marquina

**Suplente indistinta:** Mónica Couso Fuentes

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente.

#### **SEXTA.– SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección será o de oposición.

#### **SÉTIMA.– FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

O sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

#### **PROBA DE OPOSICIÓN**

#### **PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS**

Proba eliminatória que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos





49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/elilminada do proceso de selección.

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o tribunal por escrito ou oralmente relativos as técnicas de traballo, uso de medios técnicos e ferramentas propios dos diferentes tipos de posto en cada servizo (peón forestal, xardinería, limpeza de edificios, limpeza viaria, albanelería), e coñecementos de informática e procedementos administrativos básicos para o posto de auxiliar administrativo.

#### PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Proba non eliminatória que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou proporá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

Todos/Todas os/as candidatos/candidatas que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/provistas do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/chamadas para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/excluídas do proceso os/as que non comparezan. O tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

#### OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos no artigo 12 das bases reguladoras antes citadas que establece que *“Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares”*, seguindo o seguinte orde: en primeiro lugar as persoas con cargas familiares, en segundo lugar os maiores de 45 anos, e en terceiro lugar as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, priorizando a maior antigüidade no proxecto de inserción. Para aplicar os citados criterios teranse en conta os datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, aqueles cos que conta o Concello e, de ser preciso, os membros do tribunal poderán requirir documentación para acreditar os criterios de preferencia antes descritos. De persistir o empate procederase a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e medios, útiles ou incidencias de traballo en cada servizo cos aspirantes empatados.

A continuación o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de



Concello de Cangas

contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas procederá á contratación laboral temporal dos/das candidatos/candidatas que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior a 49 puntos, que serían chamados por orde de puntuación.

#### NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello, sede electrónica (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e de xeito complementario na páxina web do Concello (<http://cangas.gal/>) desde a data da súa aprobación, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

#### DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

#### UNDÉCIMA.- NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

#### **Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Sociedade Protectora de Animais do Morrazo e o Concello de Cangas (14.09.2017)**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do convenio de colaboración entre o Concello

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

de Cangas e a Sociedade Protectora de Animais do Morrazo, para atención do centro de recollida e refuxio, que é como segue:

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO PARA ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA E REFUXIO

En Cangas, a 14 de setembro de 2017.

### REUNIDOS

Por una banda, Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas.

Por outra banda, Laura Soliño Castiñeira, como presidenta da Asociación Protectora de Animais do Morrazo, con enderezo en Piñeiro, nº 54-Darbo.

### INTERVEÑEN

Don Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas, actuando no seu nome e representación, de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Laura Soliño Castiñeira, como presidenta da Asociación Protectora de Animais do Morrazo, inscrita no Rexistro Provincial da Xunta de Galicia co nº 193/002949-1, en virtude das atribucións contidas nos seus estatutos.

### MANIFESTAN

**PRIMEIRO.-** Que o Concello ten competencia en materia de protección civil e protección da salubridade pública, todo iso segundo o establecen as letras f) e j) do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Que a Lei 1/1993, de 13 de abril, que ten por obxecto establecer as normas para a protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia baixo a posesión ou protección do home, recolle as atencións mínimas que han de recibir os animais desde o punto de vista hixiénico-sanitario, así como a tenencia, venda ou mantemento destes, co fin de garantir uns mínimos de bo trato dos animais, regulando a inspección e vixilancia, as obrigas dos seus posuidores, os centros de recollida e albergues ou as instalacións para o seu mantemento temporal. Que segundo se indica no artigo 11 desta lei, os concellos estarán obrigados a recoller os animais abandonados e retelos ata que sexan recollidos, acollidos ou sacrificados, para o que poderán concertar convenios de cooperación ou colaboración con asociacións de protección e defensa dos animais ou con outras entidades autorizadas para este fin, de forma que nos casos en que o servizo non se atope municipalizado e una asociación de protección e defensa dos animais solicita a súa xestión, o Concello pode concédela. O prazo do presente convenio, establécese por un período de DOUS ANOS,

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



contados a partir da data de aprobación polo CONCELLO, prorrogables tacitamente por períodos anuais ata un máximo de SEIS ANOS en total, se non se produce denuncia de calquera das partes cunha antelación de, alomenos, tres meses da data de expiración de calquera das súas prórrogas.

Que é competencia do Alcalde a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio (art.16).

SEGUNDO.- Que a Asociación Protectora de Animais do Morrazo é unha asociación de protección e defensa dos animais constituída legalmente e sen fin de lucro, e que ten por obxecto fundamental a protección e defensa dos animais do medio no que viven, considerada de utilidade pública e benéfico-docente. Que na actualidade debido ás condicións do centro destinado ao seu fin social sito no lugar de Broullón, únicamente contan cos medios adecuados para garantir a recollida e custodia de cans, non podendo asumir a entrada doutras especies por razón de salubridade e seguridade.

TERCEIRO.- O Concello pode concertar convenios de colaboración con asociacións de protección e defensa de animais domésticos e salvaxes en cautividade ou con entidades autorizadas para tales fins, debendo dispor como ben propio ou mediante convenio cun centro destinado á recollida de animais abandonados (art. 54.2 do Decreto 153/1998, de 2 de abril). Baixo o abeiro deste norma, o Concello e a protectora, asinaron o 11 de xaneiro de 2016 o convenio que viña regulando a relación entre as partes nesta materia.

CUATRO.- Que no orzamento do Concello de Cangas para o exercicio 2016, incluíuse a partida 312.48 destinada á Asociación Protectora de Animais do Morrazo, por un importe de quince mil euros (15.000,00 €). Tratándose dunha subvención nominativa prevista nos orzamentos do Concello.

QUINTO.- Que ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade para formalizar o convenio de colaboración unha vez aprobado polos órganos correspondentes coas seguintes:

#### CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do Convenio consiste na concesión dunha subvención por parte do Concello destinada a cofinanciar e regular a prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais para o albergue e custodia de cans, atendendo especialmente os coidados hixiénico-sanitarios dos mesmos.

SEGUNDA.- A Asociación Protectora de Animais obrígase polo seguinte convenio:

a) A recollida dos animais abandonados, previa solicitude do Concello. Entenderase neste suposto, os animais abandonados, feridos, enfermos e maltratados. A custodia, alimentación e coidado da totalidade dos cans que se alberguen nas instalacións do centro de recollida especialmente dos feridos ou maltratados.

b) A xestión e conservación das instalacións do albergue de Broullón (Moaña), mantendoo en



condicións dignas de utilización, sen prexuízo das actuacións que puideran promoverse para a súa mellora.

c) O sacrificio mediante procedementos eutanásicos dos animais enfermos crónicos ou incurables, así como, os que padezan enfermidades transmisibles ao home ou a outros animais.

d) O coidado, atención e vixilancia dos animais illados ou en observación no recinto, cando as circunstancias así o requiren ou o determinen os facultativos do servizo que os controlarán sanitariamente.

e) O cumprimento en xeral da normativa establecida ou que se estableza sobre as medidas hixiénico-sanitarias relativas aos cans.

f) A recollida e retención no centro efectuarase sempre en condicións totalmente compatibles cos imperativos biolóxicos da súa especie.

g) A poñer a disposición da administración municipal a documentación relativa aos cans relacionada directa ou indirectamente co obxecto do convenio.

h) A levar a documentación necesaria relativa á entrada e admisión de animais, vacinación, sacrificios, identificación, etc. Especialmente cando o determinen os servizos técnicos municipais en razón da seguridade, hixiene e control da poboación animal.

i) O especial cumprimento das instrucións e ordes que dite o persoal facultativo dos servizos veterinarios en relación cos animais que causen lesións ou resulten sospeitosos de padecer enfermidades contaxiosas.

j) A asociación protectora entregará aos seus donos os cans a que teñen dereito a reclamar durante un prazo de vinte días seguintes á súa captura. Para a entrega a persoa que reclame o animal deberá demostrar a súa condición de dono a través do correspondente microchip, de non contar con el, deberá facelo a través doutros medios tales como cartillas de vacinación, fotos ou calquera outro medio. A Asociación Protectora de Animais poderá esixir o cumprimento da obriga da inserción do microchip no prazo de unha semana, de non ser realizado este acto, porase en comunicación das autoridades pertinentes, tramitándose a correspondente denuncia.

k) A Asociación Protectora de Animais non poderá establecer convenios nin concertos puntuais con propietarios ou posuidores de animais para a exclusiva custodia ou garda de cans mediante prezo. Tampouco poderá concertar a custodia ou mantemento de animais con outras entidades, tanto públicas como privadas agás cos concellos cos que teña asinado convenio.

l) A Asociación Protectora de Animais quedará obrigada fronte ao persoal que poida contratar, do cumprimento das obrigas sociais, laborais, económicas e fiscais que correspondan, sen que o incumprimento destas implique responsabilidade ningunha para o Concello. Recoñécese expresamente a capacidade da asociación para contratar ao persoal preciso para os efectos de cumprir co fin social e co presente convenio.

m) A poñer a disposición do Concello a documentación que acredite o traballo realizado,



incluíndo expresamente as correspondentes facturas, de forma semestral.

n) A Asociación Protectora de Animais disporá dos servizos profesionais de un veterinario/veterinaria propio nas instalacións e se isto non fose posible traballará con calquera veterinario/veterinaria da zona que será elixido/elixida libremente pola asociación.

o) A asociación protectora cumprirá as condicións e requisitos sinalados no artigo 56 do Decreto 153/1998, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade.

**TERCEIRA-** A Asociación Protectora de Animais terá dereito a:

a) Obter a protección municipal necesaria en orde ao mellor cumprimento da normativa aplicada dos animais. En caso de agresividade ou especial perigosidade de animais abandonados, así como, para os casos nos que a captura, recollida ou recuperación dun animal poida poñer en risco a integridade dos membros da protectora, prestaráselle a colaboración necesaria polos servizos municipais.

b) Obter do Concello de Cangas a cantidade anual de quince mil euros (15.000,00 €).

c) O Concello de Cangas comprométese anualmente a apoiar unha campaña de sensibilización social dinamizada pola Asociación Protectora de Animais, cuxa finalidade sexa dar a coñecer a problemática dos animais abandonados e incidir nas medidas para evitar estas situacións.

d) Resérvaselle á Protectora de Animais a posibilidade de establecer o pago dunha cota para os casos de adopción, que en ningún caso será considerada como un prezo pola adquisición do animal se non unha taxa polo custo de gastos veterinarios e alimentarios do propio animal.

e) Resérvaselle á protectora de animais a posibilidade de establecer o pago dunha cota en concepto de gastos de manutención, veterinarios e desprazamentos para aqueles cans que sexan rescatados e pases pola instalación da asociación sendo despois entregados aos seus donos.

f) Utilización da superficie, edificacións e instalación de propiedade municipal do Concello de Moaña emprazadas no lugar de Foxonval, Broullón, para o cumprimento das fins previstas do presente convenio.

g) As administracións municipais realicen pola súa conta as reparacións, reposicións e modificacións nas instalacións que se coiden necesarias para o mantemento das mesas e a súa funcionalidade, excepto naqueles casos que obedezan a danos por negligencia ou actuación dolosa da sociedade protectora.

**CUARTA.-** O Concello obrígase a:

a) Prestar á asociación o apoio que, mediante acordo polas dúas partes, se estime necesario para o cumprimento do presente convenio poñendo a súa disposición os medios humanos e materias suficientes e adecuados.



- b) A realizar cos medios propios, os servizos de recollida e custodia dos animais no período comprendido entre as 17:00 horas e as 09:00 horas do día seguinte, de luns a venres e os festivos e as fins de semana, desde as 17:00 horas do sábado, agás os casos determinados como urxencias, entendendo como tales os cans atropelados ou feridos (debéndoselle de comunicar calquera feito que se produza nese período á asociación).
- c) Promover iniciativas de concienciación social en apoio da asociación en materias de animais e medio ambiente.
- d) O pago das correspondentes cantidades correspondentes de acordo cos orzamentos no menor prazo posible. O concello entregará a cantidade anual de quince mil euros (15.000,00 €).
- e) A poñer en disposición da Policía Local un lector de microchip que deberá ser empregado no caso de recollida dalgún can por esta entidade accedendo a base de datos da Regiac, comunicándose aos donos no seu caso e poñendo en coñecemento da asociación os feitos así como o resultado da lectura, para que no caso de non contar con microchip ou non tendo datos deste, se tomen as medidas precisas en canto á custodia do animal. En calquera caso, respectarase o horario hábil da Asociación, debendo asumir o Concello a través da Policía Local, a custodia do animal nas horas inhábiles asegurando que as condicións nas que se atope sexan as mellores posibles.
- f) A través da Policía Local facilitaráselle á asociación os datos do responsable dun can cando esta teña un can recollido pendente de comprobación dado que a asociación non ten acceso aos datos do Regiac.
- g) Contar cunha zona habilitada (enténdese por dita zona unha canceira, cuarto, ou outro espazo en condicións óptimas) para o resgado e a custodia do animal mentres este non é entregado aos seus donos ou recollido pola asociación.
- h) Establecer un espazo no taboleiro informativo do Concello para facilitar á veciñanza a relación de cans recollidos pola protectora durante o período de 21 días de exposición pública. O Concello creará un modelo cos datos e foto de cada animal de compañía e manterá ao día esta exposición pública.

**QUINTA.-** Constituirán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O incumprimento grave das obrigas propias da Asociación Protectora de Animais, especialmente as establecidas nas cuestións hixiénico-sanitarias citadas pola administración.
- b) A falta ou a insuficiencia notoria de medios, persoal ou materiais para o coidado, atención ou manutención dos animais que poidan chegar a entrañar riscos sanitarios.
- c) Impedir ou dificultar as tarefas de inspección ou control dos servizos municipais.
- d) A falta de cumprimento reiterado das propias obrigas das partes contidas no presente convenio.

**SEXTA.-** O presente convenio terá una duración de dous anos. As modificacións que non



afecten as obrigas das partes, recolleranse como adendas a este.

SÉTIMA.-As cantidades acordadas na cláusula Cuarta d) aboaranse por parte do Concello mediante pagos mensuais por igual importe. Para estes efectos a Asociación Protectora de Animais deberá xustificar semestralmente o importe das cantidades ingresadas perante a intervención do Concello polos conceptos de contratación de persoal, alimentación, servizos veterinarios, servizos de laceiro, reparacións, combustibles, etc.

Para isto deberá aportar:

- a) Conta xustificativa de ingresos e gastos pola cantidade resultante de multiplicar o anticipo semestral polo número de meses xustificadas.
- b) Facturas orixinais ou compulsadas e outros documentos acreditativos de pagos, sobre os que debe figurar o texto de "PAGADO" correspondente ao exercicio corrente.
- c) Informe asinado polo concelleiro-delegado da área á que corresponda a xestión do refuxio municipal sobre a correcta realización da actividade obxecto do convenio.
- d) Declaración sobre o total de axudas recibidas no período xustificado.
- e) Certificado de estar ao corrente das súas obrigacións fiscais co Concello, coa administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
- f) Declaración de non estar incusos en prohibición para percibir axudas públicas.

OITAVA- Reintegro, infraccións e sancións.

- a) O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se deveñen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
- b) Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

NOVENA.- Establécese un horario de traballo para a asociación que será de luns a venres dende as 09:00h a 17:00h e os sábados de 09:00h a 17:00h. Fóra deste horario, domingos ou festivos só serán atendidas pola asociación urxencias, entendendo como tal cans atropelados ou feridos.

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa sinatura e terá efectos a partir dese mesmo día.

De acordo ámbalas dúas partes co sentido do presente convenio, subscríbese este por triplicado no lugar e data indicada.





**Concello de Cangas**

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850